

RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA O VERÁN

(2015)

"ENTRE AMIGOS"

"Este verán quixemos pedir colaboración para a elaboración das recomendacións lectoras, a moitos dos nosos amigos e amigas que levan con nós facendo camiño, ilusionados, nesta andaina das lecturas e das bibliotecas escolares: novelistas, poetas, profesores e profesoras, ex_alumnas; e estes foron os resultados, cos que esperamos que gocedes:

Ex_alumnas e escritoras:

Tamara Andrés:

	"Un animal chamado néboa", de Leticia Costas, coido que é un libro que, malia non etiquetarse como LIX, pode axudar os rapaces a familiarizarse con diversos episodios da Segunda Guerra Mundial. Ademais, a narración obrígate a subir a unha montaña rusa de emocións que te leva á meta da reflexión.
--	--

Poetas:

Rosalía Fernández Rial


	"Penúltimas tendencias é un contra-manual en sete leccións predicadas por unha adolescente "case atea", "convulsa e opaca", que se nega a ser princesa "fashion & cool & chic & sexy". Un diario heptagonal que nos mostra a cara inversa das modas impostas, das mulleres obxecto, dos filmes para mozas cun discurso patriarcal ou das "superpop megafashion">>. Rosalía Fernández Rial
---	---

Profes:

Pilar Ponte, "A profa"

	Gústache pasar medo, non te avergonces, non hai nada de malo, feitos estraños, sangue, intriga... entre a realidade e o mundo das tebras existe unha regaña pola que se coan almas que buscan vinganza e os que nos veñen buscar para nos levar canda elas... atréveste a mirar?...
---	--

Gracia Santorum:




CADROS DUNHA EXPOSICIÓN. Modest Mussorgsky (música) José Antonio Abad (texto) Xosé Cobas (ilustración).

AS AVENTURAS DE PINOCHO. Carlo Collodi (texto), Roberto Innocenti (ilustración), Pilar Martínez (traducción).

LEVIATÁN. Ramón Trigo (ilustración).

Toni Solano:



La edad de la ira, Fernando J. López

La isla de Bowen, César Mallorquí

Donde surgen las sombras, David Lozano

Novelistas:

Pedro Feijoo:



Mendoza (especialmente a última do seu particular detective, "El enredo de la bolsa y la vida"), ou algo de Nick Hornby, como por exemplo "Alta fidelidad".

Manuel Portas:




Poesía:

De Neves Soutelo, Nestes dias, 2014.


Da mesma autora Diáspora, 2012, ed. Acha Escrava

Da gañadora do premio Jules Verne de novela xuvenil coa súa obra "Europa", ANDREA MACEIRAS:

	<u>O sol do verán</u> de Carlos Casares que foi unha obra que me encantou na adolescencia e aos máis pequenos os clásicos da LIX galega, que eran os meus favoritos
---	--



E do xurado do premio Jules Verne de novela xuvenil:

Xesús:

	David Rubín: Aínda que moita da súa obra está en castelán ten cousas en galego orixinais ou traducións. <u>Onde ninguén pode chegar</u>. <u>Cartas de Inverno</u> de Antonio Seijas e Agustín Fernández ou <u>Coller as Rendas</u> de Yolanda Castaño (unha das miñas autoras favoritas) e Xosé Tomás, para un público mais cativo. <u>María e mais eu</u>, de Miguel Gallardo, tenra historia de superación e desmitificación do autismo. Unha recomendación moi personal, dun xenio do humor gráfico en galego (con viñeta diaria no Faro de Vigo) e que ven de publicar <u>O Bicherio</u>: Luis Davila.
--	---

Noemi:

	1. <u>FUME</u> (Antón Fortes e Joanna Concejo) editorial OQO, traballa o tema do holocausto. 2. <u>BANDADA</u> (David Daniel Álvarez e María Julia Díaz Garrido). Editorial: Kalandraka, para o traballo das emocións e da loita polo que queres sen telo todo na vida: aprender a valorar, en definitiva. 3. <u>Jack e a morte</u> (Tim Bowley & Natalie Pudalov) penso que estaría ben para primeiro da ESO 4. <u>O son das cores</u> (Jimmy Liao).
---	--

Itziar:		
		<u>Futuro imperfecto</u>, de Xulia Alonso Díaz, novela moi dura, posto que trata a experiencia da propia escritora coas drogas, non obstante, esta chea de esperanza e optimismo. <u>Hai cu</u>, de O Leo, un poemario fóra do común no que se recollen poemas de moitísimas temáticas cos que botas algunhas risas que nunca veñen mal. <u>Moda galega reloaded</u>, de María Reimóndez, que trata a explotación infantil, a sociedade de consumo..., é dicir, temas da actualidade.
Nico:		
		Agora mesmo estou lendo "<u>A esmorga</u>", a cal, polo momento, non me disgusta en absoluto. Tamen comecei, pero aínda non rematei, "<u>A praia dos afogados</u>", novela policíaca, ritmo lento, pero non se fai pesada. Recomendo, sen ningunha dúbida, "<u>Todo é silencio</u>", que trata sobre o narcotráfico en Galicia.
Anxos:		
		Pois eu recomendaría "<u>Cabalos e lobos</u>", a primeira obra de Fran Lorenzo que nos relata unha complexa historia dunha familia viguesa desde o franquismo á actualidade. "<u>Amor en alpargatas</u>" de Manuel Portas, nas súas palabras "unha historia de amor co país ao fondo". E o melloriño que lin en relatos é "<u>Funambulistas</u>" de Mercedes Leobalde, curtos, directos e impactantes.

Graciñas a todos e todas e a gozar das lecturas este verán. !!!!!

